

Consellería de Sanidade, convoca o seguinte concurso público:

1. Obxecto: servizo de lavandería para os centros dependentes desta xerencia, área norte, nº expediente 1/2003 N.

2. Orzamento: 110.000 euros (2 anualidades).

3. Prazo de execución: dous anos desde a data de entrada en vigor do contrato. Posibilidade de prórroga nos termos previstos no artigo 198 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

4. Fianzas:

a) Provisional: non se esixe.

b) Definitiva: será do 4% do orzamento de licitación.

5. Forma de adxudicación: concurso, procedemento aberto, expediente anticipado de gasto, tramitación urxente.

6. Solvencia económica, financeira e técnica: acreditarase segundo os puntos 13 e 14 da cara que integra o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

7. Criterios de adxudicación: os establecidos no apartado 16 da cara, prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Documentación de interese para os licitadores: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria pode ser solicitada na Xerencia de Atención Primaria, rúa México, 26, 1º andar, 36204 Vigo. Teléfono 986 81 64 66, en días hábiles desde as 9 ata as 14 horas.

9. Presentación de proposicións: deberán presentarse en man, en sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral desta Xerencia de Atención Primaria (rúa México, 26-4ª, 36204-Vigo), antes das 14 horas do oitavo día natural contado a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no DOG, ou por correo no xeito indicado no epígrafe 5.2º do prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Apertura de proposicións: a apertura de proposicións será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, rúa México 26, 6ª planta, de Vigo, ás 9 horas do sétimo día natural contado desde o seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo a apertura de proposicións terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

11. Documentación que deberán achega-los licitadores: a sinalada no punto 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

12. Anuncios: o pagamento do anuncio deste concurso público será por conta do seu adxudicatario.

Vigo, 11 de decembro de 2002.

Angel Martín Santos
Director xerente de Atención Primaria de
Pontevedra-Vigo

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio.

No BOP da Coruña nº 270, do 25 de novembro de 2002, publicouse o acordo da Comisión de Goberno do día 8 de novembro de 2002, polo que se aproban as bases de:

-4 prazas de sarxento da policía local C.E. 2/2002.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Despois da dita publicación, os sucesivos anuncios relativos ás convocatorias publicaranse unicamente no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello.

P.D.

Nieves Vázquez Novo
Concelleira delegada de Persoal

Anuncio (PES-4/2002).

A Comisión de Goberno, en sesión realizada o 25 de novembro de 2002, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o plan especial correspondente ó VG-S4.02, coa condición de que o promotor do documento corrixa, con anterioridade á aprobación definitiva do documento, tódalas indicacións recollidas no informe técnico municipal do 21 de novembro de 2002.

Segundo.-Ordena-la publicación deste acordo na forma legalmente prevista.

O que se fai público para xeral coñecemento, co fin de que á vista do expediente se poidan formular as alegacións que se consideren pertinentes, durante o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. O expediente pode consultarse no Servizo de Urbanismo, oficina de información, sito na rúa do Parque s/n, en horario laboral de 12 a 14 horas, de luns a venres.

Os gastos de publicación deste anuncio serán aboados polo adxudicatario.

A Coruña, 3 de decembro de 2002.

Salvador Fernández Moreda
Concelleiro delegado de Urbanismo

Anuncio (PPA-1/2002).

A Comisión de Goberno, en sesión realizada o 25 de novembro de 2002, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o Plan Parcial para o Desenvolvemento do Sector de Solo Urbanizable 4 «Vio», coa condición de que o promotor do documento emende, con anterioridade á aprobación defi-